

**Palabras de
XULIO XIZ
no decurso da homenaxe**

CUORE MATO **(A Xesús Mato Mato)**

Aló polos setenta, estivo ben de actualidade a canción “Cuore mato”, que máis que “corazón enfermo” significaba “corazón tolo”.

O caso é que nós, os de Radio Popular de Lugo, a Mato, aparte de tratalo moi reverenciosamente de vostede, chamabámoslle “cuore mato”, polo parecido con Cura Mato.

Naquela longa transición á madurez – nosa e do país – que difícil nos foi atuar a Mato.

E, sen embargo, sempre estabamos con bromas, con confianza, con risos...

Padre Mato, Don Jesús (moito menos), Cura Mato, e “Cuore mato”.

Mirade por onde, o que empezou sendo unha broma acabou sendo unha gran verdade.

Porque está claro que ten un corazón que non lle cabe no peito.

Afortunadamente esas hipertrofias nin as colle a Seguridade Social nin son preocupantes.

Ás veces, dan taquicardias. Ás veces, crean conflitos. Ás veces, fan sufrir. Pero, sempre, ¡que fermoso é ter tan grande o “cuore”.

Xulio Xiz.

BRINDE POLO CREGO RURAL

Mato, crego rural.

Presentes, ben cregos, algúns amigos de hai moitos anos.

Quero facer un brinde polo crego rural.

Homildes. Servidores. Integrados no contorno.

Paisanos por mimetismo; lonxanos do poder, dos servicios, dos acontecementos culturais, tentando día a día avivar a “fe do carboeiro” dos vosos veciños... conscientes de que cada parroquia é un mundo ó que hai que darlle vida.

Primeiros servidores da comunidade na que vivides: taxistas, xestores, conselleiros (de aconsellar), promotores culturais, educadores, animadores e cantas cousas máis, todas gratuitas...

Non teño copa que alzar, pero brindo en seco por vós, cregos rurais, de xeito especial.

E hoxe, que se homenaxea a un crego rural, estásevos homenaxeando a todos vós. Porque moitas das vosas virtudes, do voso traballo, das vosas inquedanzas, da vosa adicación e permanente servicio é o que se recoñece a Mato.

Saúde, cregos do rural.

E, para vós, á vez que para Mato, vai o noso aplauso.